

# TALLER DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

MESTRA DE AUDIÇÃO E LINGUAXE: BEA

SEMANA DO 15 AO 19 DE XUÑO



Boas unha vez máis familias! Con esta proposta que vos fago, chegamos ao final dun curso moi estrano e diferente para todos/as. Quero felicitavos e darvos as grazas pola vosa colaboración nestes meses difíciles, e animarvos a que disfrutedes moito do verán cos vosos/as nenos/as. Espero poder vernos pronto!

O conto que vos proponho esta semana é: “Unha última carta” de Antonis Papatheodoulou e ilustracións de Iris Samartzi. (Editorial Kalandraka)



Bea Campos relata este conto, protagonizado por un amable carteiro dunha pequena illa mediterránea ao que lle espera unha experiencia inesquecible no seu último día de traballo.



Fai clic aquí

Dádelle clic ao enlace e escoitade este bonito conto.

[http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=19#PD\\_Antonis%20Papatheodoulou%20-%20Una%20ltima%20carta](http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=19#PD_Antonis%20Papatheodoulou%20-%20Una%20ltima%20carta)

## PROPOSTAS DE TAREFAS DESPOIS DO CONTO: ESCRIBIR/DEBUXAR UNHA CARTA

As novas tecnoloxías transformaron profundamente a nosa sociedade e a forma de comunicarnos. Neste sentido, aínda que oficios como o de carteiro sigan existindo, o certo é que o seu significado non é o que era.

Nesta situación de cambio que estamos a vivir actualmente, na que a maneira de manter o contacto cos amigos e familiares está cambiando tanto, paréceme bonito recordar estes documentos escritos, con existencia física, palpable, con color e incluso con olor, envoltos nun sobre pechado que viaxa ata o fin do mundo se é necesario.


Na nostalxia desta fermosa actividade, condensase este conto.

Eu ánimovos a escribir unha carta (ou as que apetezan) a alguén que botamos de menos. Non fai falta que sexa con letras.

Pode ser un debuxo ou unha foto... Se queredes enviarme fotos esas cartas por correo electrónico estarei encantada de recibilas!

Recordade que o correo que estamos empregando é:

[orientacioncespon@gmail.com](mailto:orientacioncespon@gmail.com)



# ESCOITAMOS A CANCIÓN: “EU TEÑO A ALGUÉN”

Fai clic aquí

<https://www.youtube.com/watch?v=HiHDRCyV5Es>

Tema musical que abre o libro-cd-dvd "Xiqui Xoque Fiú Fiú", segunda entrega de María Fumaça, publicado por Editorial Galaxia



Unha vez que vistes o vídeo, non vos entran ganas de dicirle a alguén que o tedes no voso corazón?!

Pois non vos preocupedes, xa que aquí vos deixo varias propostas para que poidades facelo (Non fai falta imprimir nada):

– Unha postal para que lle escribas a esa persoa tan especial.

*Querida*

.....

---

---

---

---

---

---

---


---

---

---

Con moito cariño,

.....



---

---

---


---



- Un diploma para que premies a quen máis queres!



- Un marco para facerlle un fermoso debuxo.



Eu despois de ver o vídeo e de escoitar a canción quixen facer isto para todos e todas vós.



Espero poder ver vos pronto a todos e todas, volver a contarvos contos, cantar cancións, e xogar moito con vós.

Volveremos en setembro con máis ganas ca nunca.

Pasádeo moi ben no verán.


Apertas fortes da profe Bea.

E como sempre, tamén vos deixo unha tarefa de conciencia fonolóxica adxunta. Esta vez do son /t/. Non é necesario imprimila. Chega con que vos sinalen as palabras que empezan por este SON de forma oral. OLLO! NON FALAMOS DE LETRAS, SÓ DO SON.

PARA AXUDAR ÓS NENOS/AS A ENTENDER A TAREFA, DEBEMOS ESAXERAR NA SÚA PRONUNCIACIÓN, E AXUDARNOS DA IMAXE DA “BOQUIÑA”.



Ademais, tamén vos deixo unha tarefa de conciencia silábica para facela de forma interactiva. Podedes acceder a ela a través do seguinte enlace, desde calquera dispositivo.

[https://es.liveworksheets.com/worksheets/es/Audici%C3%B3n\\_y\\_Lenguaje\\_\(AL\)/Conciencia\\_fonol%C3%B3gica/Empieza\\_por\\_silabas\\_con\\_T\\_ej159685zf](https://es.liveworksheets.com/worksheets/es/Audici%C3%B3n_y_Lenguaje_(AL)/Conciencia_fonol%C3%B3gica/Empieza_por_silabas_con_T_ej159685zf)



Cando rematen, , teñen que clicar en terminar, e aparecerá unha imaxe coma esta. Debedes pinchar en “enviar mis respuestas a mi profesor/a”

¿Qué quieres hacer ahora?

 [Comprobar mis respuestas](#)  [Enviar mis respuestas a mi profesor/a](#)

Introduce tu nombre completo:

Curso/nivel:

Asignatura:

Introduce el email o código clave de tu profesoría:

E cubrir os datos. En asignatura podedes poñer AL, e no correo tendes que poñer: [beasnine@gmail.com](mailto:beasnine@gmail.com)

Se queredes enviarme calquera outra cousa, podédelo facer ao correo: [orientacioncespon@gmail.com](mailto:orientacioncespon@gmail.com)